

# O TFG NA FACULDADE DE FILOLOXÍA DA USC

## Preguntas frecuentes

## **Que é o TFG?**

O TFG consistirá na elaboración dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de grao. Incluírá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa. Por traballo orixinal enténdese un traballo de elaboración propia no que se citen debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización. Estará orientado á avaliación das competencias asociadas á titulación na que o/a estudante se gradúa.

Na Facultade de Filoloxía consta de 12 créditos obrigatorios (300 horas).

## **En que lingua ten que ser redactado e defendido?**

Na lingua do maior. No caso do Grao en Linguas e Literaturas Modernas, mención de Románicas, poderás empregar calquera das linguas románicas, e no Grao en Filoloxía Clásica podes empregar o galego ou o español.

## **Cales son as modalidades do TFG?**

Pode realizarse de forma individual ou en equipo.

A asignación de TFG de forma individual farase da seguinte maneira:

1. Asignación directa: como resultado dun acordo directo entre o/a estudante e o/a titor/a dentro dos/as relacionados/as na oferta de liñas temáticas. A asignación directa require a sinatura do/a titor/a no formulario publicado na web do centro.
2. Petición de asignación á CTFG: o/a estudante presentará solicitude de asignación de liña temática e titor/a a través do formulario publicado na web do centro coas propostas que máis lle interesen, por orde de preferencia na forma e nos prazos que se indiquen na convocatoria e calendario de TFG. A asignación farase por nota media do expediente do/a estudante.
3. Prórroga ou renovación da liña temática e titor/a asignada en cursos anteriores: os/as estudantes matriculados/as en convocatorias anteriores que non presentaron ou non superaron o TFG poden renovar a súa solicitude sempre e cando contén co acordo e sinatura do/a titor/a no formulario publicado na web do centro. Deberán entregar en prazo e forma a solicitude a través da súa secretaría virtual.

No caso de traballos en equipo, esta posibilidade pode estar prevista na oferta de cada titor/a. Os/as estudantes que desexen acollerse a esta modalidade deben previamente contactar co/a titor/a e este/a deberá comunicar á Comisión con competencias delegadas neste ámbito (CTFG) se concorda ou non coa orientación dese TFG en equipo. Poderán configurarse equipos posteriormente á asignación individual de liñas temáticas e titores/as, sempre coa aprobación do/a titor/a.

## **Cal é a extensión do TFG?**

Non hai unha extensión determinada. Orientadoramente, no caso da autoría individual a extensión acostuma estar entre 65.000 e 120.000 caracteres con espazos, excluídos os apéndices.

O TFG en equipo incrementará a súa extensión de forma proporcional ao número de integrantes do equipo. Estes engadirán un comentario de ata 5 páxinas por persoa (1500 palabras) no que se especificará: nome e apelidos do/a estudante, función e tarefas desempeñadas no proxecto por cada estudantes, experiencia e capacitación obtida, unha crítica construtiva do proxecto de traballo en equipo, indicando as posíbeis discrepancias ou propostas persoais que mellorarían dito traballo.

### **Cal é a estrutura do TFG?**

1.- Portada. Esta incluírá:

- Logo da USC coa indicación da Facultade
- Denominación do Grao. No caso do Grao de Linguas e Literaturas Modernas deberá indicarse o itinerario.
- Título do traballo
- Nome completo do/a autor/a ou autores/as no caso dos traballos en equipo
- Nome do titor/a e cotitor/a, no caso de existir
- Curso académico correspondente

2.- Primeira páxina que reproduce a portada

3.- Copia da solicitude de delimitación de título e resumo aprobado pola Comisión de TFG ou da modificación aprobada, de ser o caso.

4.- Título en galego, español e inglés. No caso do Grao en Linguas e Literaturas Modernas, nos itinerarios de Alemán, Francés, Italiano e Portugués irá no idioma correspondente. Indicar igualmente as palabras chave e o resumo.

5.- Índice paxinado

6.- No caso dos traballos en equipo: poderá incluír unha declaración de repartición de responsabilidades entre cada un dos seus membros.

7.- Introducción

8.- Contidos/Desenvolvemento

9.- Conclusións

10.- Bibliografía consultada

11.- Apéndices, de ser o caso

### **Cando teño que matricular o TFG?**

A matrícula do TFG faise nos períodos ordinarios indicados na convocatoria de matrícula do curso correspondente.

### **A que me dá dereito a matrícula de TFG no curso académico?**

Tes dereito a dúas oportunidades de defensa a elixir entre febreiro, xuño-xullo e setembro.

Estas dúas oportunidades consideraranse unha convocatoria. A convocatoria é única por curso académico. Esta enténdese esgotada aínda que o/a estudante non se someta a ningunha das dúas oportunidades de exame ás que ten dereito (ao igual que calquera outra materia do plan de estudos).

### **Podo renunciar á convocatoria do TFG?**

Si, dentro dos períodos establecidos na convocatoria de matrícula do curso académico. Ao igual que calquera outra materia, só se acepta unha renuncia excepto nos casos de forza maior ou situación excepcional que impida a realización das actividades programadas nos que se poderá solicitar a anulación da convocatoria.

### **No caso de non presentarme a unha das oportunidades, teño que solicitar a renuncia?**

Non, porque se renunciases non podes presentarte a ningunha das oportunidades nese curso académico.

### **No caso de non reunir os requisitos para solicitar a defensa do TFG teño que solicitar a renuncia?**

Non. Esta faise de forma automática no expediente por causa de forza maior e non computa como renuncia voluntaria.

### **Cando podo escoller liña temática e titor/a do TFG?**

A Facultade fai dúas convocatorias de asignación de liñas temáticas e titores/as, unha no 1º cuatrimestre e outra no 2º. Para ter dereito á solicitude de defensa do TFG é preciso que teñas asignada unha liña temática e un/ha titor/a.

O listado de liñas e titores/as a elixir publícase en cada convocatoria e está dispoñible na web do centro.

### **Como é a asignación de liñas temáticas e titores/as?**

A asignación faise nas datas do calendario de TFG aprobadas pola Comisión de TFG. Dito calendario está publicado na web da Facultade dentro de *Información Académica*.

### **Podo continuar coa mesma liña temática e titor/a outro curso académico máis?**

Si, sempre que o/a titor/a estea de acordo. A solicitude de prórroga faise nos mesmos prazos que a solicitude de liña temática e titor/a.

É importante non esquecer que aínda que se continúe coa mesma liña temática e titor/a fai falla solicitar a prórroga.

### **Cando podo solicitar a defensa do TFG?**

Poderás solicitar a defensa cando teñas como máximo 18 créditos pendentes de superación, agás os correspondentes ao propio TFG.

No caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias do Grao, o/a secretario/a da Facultade solicitará do profesorado encargado das devanditas materias que se informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma oportunidade.

### **Onde teño que solicitar a defensa do TFG?**

Na secretaria virtual, dentro do menú *Matrícula en TFG/TFM*.

Debes encher o campo de título do TFG en galego, español e inglés. No caso de Grao en Lingas e Literaturas Modernas nos itinerarios de alemán, francés, italiano e portugués tes que introducir o título en galego, en inglés e no idioma do itinerario. É importante que revises este apartado porque así figurará no teu expediente académico e no Suplemento Europeo ao Título (SET).

Tamén tes que escoller a forma de avaliación: por tribunal ou por titor/a. Por defecto a aplicación informática escolle tribunal. Se desexas ser avaliado por titor/a, tes que premer na casa correspondente.

Así mesmo tes que subir o teu TFG en formato pdf. O nome do pdf non pode levar acentos ou caracteres especiais porque dá erro e non che deixará seguir co seguinte paso. Isto tamén é aplicable ao resumo.

No apartado de materias relacionadas non podes escoller dúas veces a mesma materia aínda que teña distinto código porque xera erro.

### **En que consiste o acto de defensa?**

A defensa realízase de xeito público e presencialmente ante o/a titor/a ou tribunal, dependendo da forma de avaliación escollida ao facer a solicitude de defensa na secretaría virtual.

Consta de dúas partes:

-Exposición: aquí deberás presentar os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do teu TFG. Pódense empregar os medios que se consideren oportunos.

-Quenda de preguntas e respostas: valoracións, comentarios ou preguntas por parte do tribunal ou titor/a.

O tempo máximo non excederá os 30 minutos para os traballos individuais e de 60 minutos no caso de traballos en equipo.

Orientadoramente, para os TFG individuais, o acto de presentación e a quenda de preguntas e respostas poderá oscilar entre 10 e 15 minutos en cada un dos dous casos e que a duración total do acto non exceda os 30 minutos. No caso de traballos en equipo, o tribunal poderá considerar a oportunidade de aumentar cada un deses períodos temporais e que a duración total do acto non exceda os 60 minutos.

### **Poido facer a defensa online?**

A defensa dos traballos é presencial. Excepcionalmente, a Comisión de TFG poderá autorizar a defensa por medios telemáticos e establecerá o procedemento para levala a cabo, garantindo sempre o carácter público da exposición.

### **Como se realiza o procedemento de avaliación?**

Avaliación do traballo polo/a titor/a no que poderás acadar un máximo de 7:

- Valoración do traballo: máximo 70% (4,9 do total de 7). Avaliaranse o progreso académico do/a estudante, os contidos, o proceso de elaboración, a consecución dos obxectivos e a presentación escrita.

- Exposición e defensa do TFG: máximo 30% (2,1 do total de 7). Avaliaranse a presentación oral, a capacidade argumental da exposición e da réplica, a claridade e auto-análise dos obxectivos, a concisión e a corrección no uso da lingua.

Avaliación do traballo por tribunal no que poderás acadar un máximo de 10:

- Valoración do traballo por parte do/a titor/a cun máximo de 7 puntos. Avaliaranse o progreso académico do/a estudante, os contidos, o proceso de elaboración, a consecución dos obxectivos e a presentación escrita.
- Valoración da exposición e defensa do contido do TFG por parte do tribunal cun máximo de 3 puntos, tendo en conta a presentación oral, a capacidade argumental da exposición e da réplica, a claridade e auto-análise dos obxectivos, a concisión e a corrección no uso da lingua.

### **Podo presentar reclamación á cualificación outorgada ao TFG?**

Si, polo mesmo procedemento que calquera outra materia. Podes consultar a normativa e o procedemento en: [Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e revisión das cualificacións](#).

Lembra que para solicitar a revisión das cualificacións cómpre presentarse á revisión do exame nas datas ás que sexas convocado.

### **É o plaxio unha falta grave?**

O plaxio é unha falta grave. O plaxio pode ser evitado polo/a estudante se cita correctamente as fontes empregadas e indica claramente aquelas partes do traballo que corresponden a outro/a autor/a ou aquelas que, aínda que sexan traballo propio, foran xa empregadas noutros traballos.

No caso de que durante a avaliación dun traballo se detecte que nunha parte ou na totalidade do mesmo se incorre nesta falta, será de aplicación o recollido na [Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e revisión das cualificacións](#), aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 (DOG Núm. 140, 21 de xullo de 2011). No seu artigo 16 *Realización fraudulenta de exercicios ou probas* indícase o seguinte:

“A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba exixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor. Considerarse fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores e das fontes”.

Tes acceso a toda a información sobre o TFG na web da Facultade:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/tfg>

Para calquera outra dúbida podes dirixirte ao decanato: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)